

Xestionado por [Vieiros](#)

A nosa literatura no mundo

Un estudo italiano destaca a Estíbaliz Espinosa como novo talento europeo

A Università degli Studi di Roma la Sapienza publicou un volume sobre os novos escritores máis representativos de toda Europa.

Redacción - 13:12 28/01/2008

Baixo o título *L'Europa dei Giovani*, a Europa dos mozos, a [Università degli Studi di Roma](#) fai unha análise da situación na que se atopa a nova literatura que se está a producir en toda Europa. Entre os catorce artigos cos que conta o volume, atopamos un dedicado á nosa literatura, relatado por Francisco González Lousada e coa escritora [Estíbaliz Espinosa](#) de protagonista.

O volume conta coas achegas de catorce estudiosos novos de linguas e literaturas estranxeiras na Universidade de Padova, que afrontan as tendencias e escritores emerxentes que están a aparecer nas literaturas europeas. A galega, aparece nesta obra ao mesmo nivel que as literaturas de países como Reino Unido, Alemaña, Grecia, Polonia ou España, entre outras.

A iniciativa pretende promover a investigación sobre novas expresións literarias contemporáneas, achegar os estudantes ás manifestacións máis recentes das linguas ensinadas en Padova e crear un espazo de encontro entre estudosos, público e editoriais.

Novas relacionadas

- ["Detesto esa dimensión da poesía como elevación na que o poeta se flaxela para congraciarse co lector"](#)